



Obradoiro de deseño e maquetación de materiais básicos para a normalización lingüística

Santiago de Compostela, 26 e 27
de outubro de 2017 (e unha
sesión a distancia)
www.ctnl.gal

Por que este obradoiro?

No traballo cotián ás veces debemos elaborar nós mesmos/as, sen axuda dun departamento gráfico, **pequenos carteis ou folletos** para anunciar actividades, difundir ideas, etc.

Con este obradoiro, **aprenderemos a manexar programas de software libre e en liña** que nos axudarán nesta tarefa, co fin de conseguirmos **crear de maneira sinxela materiais básicos cun mínimo de calidade** para difundir as nosas actividades e mensaxes a prol da lingua.

Cales son os obxectivos?

- ✓ **Aprender a manexar programas sinxelos de deseño e maquetación**, principalmente de folletos e carteis
- ✓ **Crear materiais básicos** para a difusión de accións de normalización lingüística e de mensaxes a prol da lingua

Como aprenderemos?

Será un **obradoiro práctico** onde empregaremos programas de **software libre**: Inkscape, Gimp e Scribus. Tamén haberá un achegamento a **programas en liña** como Canva e Pixlr.

Ao remate das sesións presenciais, deberemos **desenvolver na casa un proxecto gráfico** a modo de resumo do aprendido durante o obradoiro.

Quen nos vai guiar e axudar?

Ruth Caramés Blanco, licenciada en Bioloxía e postgrao en Enxeñería Ambiental pola Universidade de Santiago de Compostela e técnica de Deseño Gráfico.

Na actualidade é socia de Fabaloba, Sociedade Cooperativa Galega, onde desenvolve todo tipo de proxectos de deseño gráfico e ilustración. O libro ilustrado *O neno e a estrela*, a imaxe da campaña Gústame o galego, do portal de recursos en galego Alí ou da programación cultural do proxecto Apego do Concello de Santiago de Compostela son algúns dos seus últimos traballos.

Organiza



Colaboran



Quen pode participar?

- ✓ Técnicos/as de servizos de normalización lingüística (SNL)
- ✓ Traballadores/as de empresas, asociacións e outras entidades relacionadas coa normalización da lingua
- ✓ Membros de equipos de normalización e dinamización lingüística do ensino
- ✓ Persoas interesadas en traballar pola normalización da lingua

Límite de prazas: **18-22**.

Cando?

O que	Día e horario
Prazo de inscrición no obradoiro	Do 26 de setembro ao 15 de outubro
Publicación da listaxe de persoas admitidas	O 16 de outubro de 2017
Prazo para o pagamento do obradoiro	Do 17 ao 23 de outubro
Desenvolvemento das sesións presenciais do obradoiro	Xoves 26 de outubro de 9.30 a 13.30 h Venres 27 de outubro de 9.30 a 13.30 h e de 14 a 20 h
Sesión a distancia	Marcarase durante as sesións presenciais

Cal é a duración total?

- ✓ 16 horas (12 presenciais e 4 a distancia)

Onde será o obradoiro?

- ✓ Na Aula de Informática de Docencia da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (Campus Norte, Av. de Castelao, s/n, Santiago de Compostela)

Gústame! Para apuntarme?

A través do **formulario** que se habilitará para o efecto no web www.ctnl.gal entre o 26/09/2017 e o 15/10/2017.

Dado que o **número de prazas é limitado**, respectarase a orde de inscrición con preferencia para os/as socios/as da CTNL.

Non se debe pagar a cota de inscrición até que non se publique a listaxe de persoas admitidas.

As persoas admitidas deben ingresar o importe da matrícula na conta da CTNL en Abanca número ES18-2080-0377-04-3040004060, indicando o seu nome completo e mais o concepto "Obradoiro deseño".

Se unha persoa está na listaxe de admitidas e non vai participar no curso, **debe comunicalo** por teléfono ou correo electrónico o máis axiña posíbel, para así poder incorporar, con suficiente antelación, a seguinte persoa da listaxe de agarda.

E canto custa?

- ✓ Para socias/os da CTNL: 25 euros
- ✓ Para estudantes, bolseiras/os e desempregadas/os non socios/as: 40 euros
- ✓ Para non socias/os da CTNL: 75 euros

+info

Entra en www.ctnl.gal

Escribe a info@ctnl.gal

Chama ao 629 571 950

Organiza

Colaboran